

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández deputada pertencente ao GP de **Alternativa Galega de Esquerda (ESQUERDA UNIDA-ANOVA)**, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara presenta a seguinte **Pregunta** para resposta oral en **Comisión, sobre a execución de fondos Estruturais e de Inversión Europeos en materia de Sanidade.**

O uso de fondos públicos europeos ten sido clave en Galicia para o desenvolvemento de múltiples actuacións que noutras circunstancias estarían condicionadas polo investimento dentro do marco económico actual. Sen embargo, non son poucos os precedentes nos que se teñen perdido fondos por non executalos ou pola ausencia dunha xestión eficiente dos mesmos.

A só un ano do vencemento da prórroga para o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) 2007-2013, máis do 20% do mesmo ficaba aínda sen executar, segundo os datos oficiais. No caso do eixo relativo a infraestruturas sociais a execución non chegaba nin ao 60%. Un feito que evidencia certa deixadez por parte da administración galega.

Alternativa Galega de Esquerda alertou durante esta lexislatura da necesidade de acelerar a execucións de algúns destes fondos, xa que a aproximación do prazo máximo para poder executalos puña en perigo uns investimentos imprescindibles nalgúns casos; sobre todo naqueles onde estaban consignados para a construción de infraestruturas sanitarias, coma pode ser a ampliación do Hospital do Salnés.

Ante isto, **Alternativa Galega de Esquerda** pregunta:

- 1.- Cal foi o grao de execución dos diferentes fondos Estruturais e de Inversión Europeos en Galicia nos programas e actuacións adicadas á Sanidade e que expiraban a finais de 2015?
- 2.- Cal é o grao de execución dos diferentes fondos Estruturais e de Inversión Europeos para Galicia adicadas á Sanidade nos programas e actuacións actuais?



Compostela, 2 de febreiro de 2016

Asdo. Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. da AGE

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 02/02/2016 18:17:20